



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/002158

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Aprobación das bases reguladoras específicas e da convocatoria das Bolsas para deportistas individuais do Concello de Sada para o ano 2025)

ANTECEDENTES

A Concellería de Deportes pretende convocar a concesión de axudas para deportistas do Concello de Sada para fomentar a práctica deportiva a nivel municipal e desenvolver as competencias municipais en materia de promoción do deporte, instalacións deportivas e ocupación do tempo libre.

O Plan Estratéxico de Subvencións municipal para o período 2024-2026 contempla unha liña de subvención 4.1 “Bolsas para deportistas de nivel do Concello de Sada” dirixida a fomentar a práctica deportiva no ámbito do deporte individual federado con carácter de competición e rendemento. En consecuencia, a convocatoria 2025 destas Bolsas para deportistas individuais terá por obxecto fomentar o deporte e a excelencia deportiva, promover a representación deportiva de Sada en eventos deportivos de nivel e contribuír a facer sostible a práctica deportiva de alto nivel.

Regularase polas bases específicas que se aprobarán conxuntamente coa convocatoria, co texto que se reproduce no Anexo I.

A Concellería de Deportes tramitou expediente de aprobación da convocatoria e das bases específicas das axudas a deportistas individuais do Concello de Sada.

O expediente de tramitación conta con informes xurídicos desfavorables nos que se indican incumprimentos que se trataron de emendar coa corrección do texto regulador.

O expediente foi fiscalizado de conformidade.

Por todo o que antecede, esta alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Convocar as Bolsas para deportistas individuais do Concello de Sada para o ano 2025, co obxecto de fomentar o deporte e a excelencia deportiva, promover a representación deportiva de Sada en eventos deportivos de nivel e contribuír a facer sostible a práctica deportiva de alto nivel. A convocatoria presenta as seguintes características:

- Destínase o importe máximo de 10.500,00 euros para financiar esta convocatoria, imputables á aplicación orzamentaria 341.48000 con cargo ao Orzamento 2025. A concesión de axudas realizarase polo réxime de concorrência competitiva.
- As solicitudes deberán axustarse aos modelos que se inclúen nas bases reguladoras específicas e acompañaranse da documentación descrita na base reguladora 7. Presentaranse no Rexistro Municipal, polos medios establecidos regulamentariamente, no prazo de 15 días naturais que contarán a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
- Os requisitos para poder ser beneficiaria son os que se recollen na base reguladora 3.
- Os criterios de valoración descríbense na base reguladora 5.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

- A documentación xustificativa deberá presentarse acompañando a solicitude. O pagamento das axudas realizarase previa comprobación da correcta xustificación das actividades realizadas e dos gastos correspondentes.
- Désígnase para a instrución do procedemento ao coordinador de actividades xuvenís da área de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte.
- O órgano competente para resolver será a alcaldía.
- Os actos administrativos serán obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal (www.sada.gal), producindo os efectos de notificación, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo.- Publicar a convocatoria e as bases reguladoras na Base de Datos Nacional de Subvencións, segundo indican os artigos 18, 20 e 23 da Lei 38/2003, de 17 de outubro, xeral de subvencións. Ademais, a publicidade adaptarase ao nivel local a través da publicación das bases específicas e do extracto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal.

Terceiro.- Aprobar as bases reguladoras específicas, co texto que se reproduce no Anexo I.

ANEXO I: BASES REGULADORAS

SUBVENCIONES PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE SADA PARA O ANO 2025

Índice

1. Obxecto, finalidade, financiamento e contía
2. Réxime xurídico
3. Solicitantes e requisitos
4. Condicións e obrigas
5. Criterios de baremación
6. Prazo e forma de presentación das solicitudes
7. Documentación a presentar coa solicitude
8. Procedemento de instrución
9. Gastos subvencionables
10. Publicidade
11. Comisión de valoración
12. Pagamento



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

1.- OBXECTO, FINALIDADE, FINANCIAMENTO E CONTÍA

Estas bases regulan especificamente a concesión axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas a deportistas do Concello de Sada con efectos unicamente para o exercicio 2025.

Con estas axudas, recollidas na liña de subvencións 4.1 do Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026, denominada «*Bolsas para deportistas de nivel do Concello de Sada*». O Concello de Sada quere apoiar a práctica deportiva dos deportistas do Concello de Sada cando acadan certo nivel, favorecendo o seu perfeccionamento técnico e o rendemento deportivo, coa participación en competicións oficiais de ámbito comunitario, nacional ou internacional en deportes de carácter individual.

As competicións de ámbito provincial non se teñen en conta nesta subvención polo seu carácter de promoción do deporte base e de formación, o cal encádrase no obxecto doutra subvención municipal dirixida a entidades deportivas.

As axudas outorgaranse con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000, cun orzamento de 10.500,00 euros.

O período para realizar actividades subvencionables é do 1 de setembro de 2024 ao 1 de setembro de 2025.

2.- RÉXIME XURÍDICO.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Bases de execución do orzamento.
- Plan estratéxico de subvencións (liña de subvención 4.1).

3.- SOLICITANTES E REQUISITOS

Poderán optar ás axudas previstas as/os deportistas do Concello de Sada que reúnan os seguintes requisitos:

3.1. Estar empadroados no Concello de Sada cunha antigüidade de, polo menos, dous anos consecutivos cumpridos no ano da solicitude (comprobación automática por parte do Concello).

3.2. Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente, en calquera das categorías subvencionadas (de xuvenil a sénior, segundo a distribución de idades aprobada por cada Federación).

3.3. Ter participado en probas deportivas oficiais de nivel autonómico ou superior durante a tempada 2024/2025.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

3.4. Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

4.- CONDICIÓN E OBRIGAS

4.1. Ter competido, no ano da convocatoria, en eventos/probas deportivas de relevancia autonómica, nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións.

4.2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida realizar o Concello de Sada a través da Intervención Municipal.

4.3. Comunicarlle ao concello, tan pronto como se coñeza, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administración ou entidades privadas para a mesma finalidade.

Estas axudas serán compatibles coa percepción doutras axudas públicas para a mesma finalidade.

5.- CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Estas subvencións concederanse mediante concorrencia competitiva. A adxudicación de axudas distribuirase en función da puntuación obtida na baremación segundo os criterios establecidos nesta convocatoria.

Establécense como criterios de concesión: o nivel das competicións deportivas nas que se participou no ano da convocatoria, os resultados obtidos en función da competición, a categoría de idade. O baremo de puntuación, ata un máximo de 50 puntos, é o seguinte:

- Nivel da competición** (máximo 30 puntos): sumaranse os puntos que correspondan en función dos distintos niveis das competicións nas que participe a persoa solicitante, independentemente do número de probas en cada nivel. Neste apartado, a puntuación será acumulativa.

NIVEL DA COMPETICIÓN	PUNTOS
AUTONÓMICA	2
NACIONAL	4
PROBAS DE CARÁCTER INTERNACIONAL	6
CAMPIONATO EUROPEO DA ESPECIALIDADE	8
CAMPIONATO MUNDIAL DA ESPECIALIDADE	10

- Resultados acadados** (máximo 15 puntos): sumaranse os puntos que correspondan en función da clasificación obtida nas diferentes probas e competicións nas que participase a persoa solicitante durante a tempada. Neste apartado, a puntuación será acumulativa.

NIVEL DA COMPETICIÓN	PUNTUACIÓN POR RESULTADO ACADADO
----------------------	----------------------------------



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

AUTONÓMICA	POR PARTICIPACIÓN	DO 1º AO 3º
	2 puntos	3 puntos
NACIONAL	POR PARTICIPACIÓN	DO 1º AO 5º
	4 puntos	2 puntos
PROBA INTERNACIONAL	POR PARTICIPACIÓN	DO 1º AO 10º
	6 puntos	3 puntos
CAMPIONATO DE EUROPA	POR PARTICIPACIÓN	DO 1º AO 10º
	8 puntos	4 puntos
CAMPIONATO DO MUNDO	POR PARTICIPACIÓN	DO 1º AO 10º
	10 puntos	5 puntos

- **Categoría de competición (ata 5 puntos):** valorarase positivamente a participación en categorías de idade directamente relacionadas coa formación e consolidación dunha carreira deportiva e o rendemento deportivo, co seguinte baremo:

CATEGORÍA*	MOTIVO	PUNTUACIÓN
XUVENIL	Etapas de formación e especialización deportiva	5
SUB 18	Etapas de desenvolvemento técnico	4
SUB 20	Etapas de especialización no rendemento deportivo	3
SUB 23	Etapas de consolidación do rendemento	2
SÉNIOR / ABSOLUTA	Etapas de máximo pico de rendemento	1

* Para cada disciplina terase en conta a táboa oficial de categorías aprobada pola Federación Deportiva correspondente.

O importe de axuda que corresponderá a cada beneficiaria dependerá do resultado acadado na aplicación dos criterios de valoración, segundo o seguinte proceso: calcularase o valor de cada punto dividindo o orzamento da convocatoria entre a puntuación total acadada polo conxunto de solicitantes. O importe de axuda que corresponderá a cada entidade determinarase multiplicando o valor de cada punto polos puntos que obtivo o seu proxecto de actividades na baremación.

6.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes **comezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria**



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

no Boletín Oficial da Provincia e terá unha duración máxima de 15 días naturais.

A subvención vai dirixida a persoas físicas, polo tanto, poderán escoller a presentación no Rexistro Municipal de forma telemática ou ben presencial, segundo o artigo 14 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso da presentación telemática, deberá empregarse o formulario de solicitude normalizado da sede electrónica municipal (sede.sada.gal) na familia de procedementos de “Subvencións, axudas e premios”.

Os anexos necesarios para completar a solicitude desta axuda estarán dispoñibles para descarga na páxina web municipal (www.sada.gal), xunto co resto de información relacionada coa convocatoria.

7.DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

7.1.- Documentación xeral

1. **Anexo I** de solicitude da subvención para deportistas individuais.

2. Certificación da federación deportiva correspondente, na que se acredite:

- As probas oficiais e campionatos de ámbito autonómico ou superior nas que participou a persoa solicitante durante a tempada subvencionable nesta convocatoria de subvencións.
- As datas e lugar de celebración das probas deportivas.
- A clasificación obtida nas diferentes probas.

3. Copia da licenza federativa da solicitante para a tempada subvencionable nesta convocatoria desta subvención.

4. Certificado do número de conta corrente do que sexa titular a persoa solicitante, emitido pola súa entidade bancaria e incluíndo o código IBAN.

5. **Anexo II** de declaración responsable de estar ao corrente das obrigas coa seguridade social, coa AEAT e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

7.2 Documentación xustificativa dos gastos

Deberá presentarse **coa solicitude** a documentación xustificativa dos gastos realizados pola persoa solicitante para participar nas probas deportivas presentadas.

A xustificación deberá cubrir como mínimo o importe da axuda municipal concedida.

O importe desta subvención en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos obtidos pola beneficiaria para a mesma finalidade, en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada. Por ese motivo, no caso de que a persoa beneficiaria obtivese outras subvencións, ingresos públicos ou privados para a mesma finalidade, o gasto total que deberá xustificar será como mínimo igual á suma da axuda municipal e deses outros ingresos. En caso contrario, a axuda municipal reducirase en función do importe efectivamente xustificado.

As facturas ou documentos xustificativos deben estar correctamente pagados dentro do prazo subvencionable. Para acreditar o pagamento debe achegarse a seguinte documentación xustificativa:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

1. **Anexo III*** Relación clasificada de gastos, asinado e debidamente cuberto.

**As facturase xustificantes de gasto que non estean incluídos no Anexo III non serán tidas en conta a efectos de xustificación.*

1. Proba gráfica ou ligazóns onde se poida comprobar o cumprimento da obriga de publicidade segundo o regulado na base 10.
2. Xustificantes do gasto: as facturas deberán estar emitidas **a nome da persoa beneficiaria** da axuda e presentaranse seguindo a orde da relación clasificada de gastos e ingresos. As facturas deberán corresponder co período subvencionable e indicarán de xeito claro o concepto facturado.

TIPO DE GASTO:	DOCUMENTOS PARA ACREDITALO:
Servizos e subministracións	Factura, que se acompañará da declaración-liquidación das retencións practicadas e ingresadas a prol da Axencia Tributaria (AEAT), nos casos en que corresponda.
Indemnizacións por manutención ou gastos de locomoción	Folla de liquidación cos datos fiscais da persoa perceptora, xunto coa descrición detallada do desprazamento realizado e a factura dos gastos en servizos de restauración e aloxamento efectuados pola persoa perceptora.

3. Xustificantes de pago: para acreditar o pago dos gastos realizados:

- Por transferencia ou por domiciliación bancaria: xustificante da transferencia realizada, emitido pola entidade financeira.
O xustificante debe identificar:
 - o Número de conta na que se carga a transferencia e datos da persoa titular.
 - o Datos da persoa ordenante da transferencia.
 - o Datos da destinataria do pago, que deberá coincidir con quen emitiu a factura.
 - o O importe e a data da operación.
 - o A identificación do concepto do gasto aboado.
- Pagamento en metálico (límite de gasto máximo de 150€): factura asinada e selada polo provedor, acompañada do ticket de compra, no seu caso. Alternativamente, documento «recibín» emitido polo provedor, no que consten os datos identificativos da persoa ou entidade que cobra, o selo de empresa, a identificación da factura, o seu importe e a data do pagamento.
- Pagamento mediante tarxeta de crédito (límite de gasto máximo de 150€): a mesma xustificación que para o pago en metálico, pero deberase xuntar tamén un xustificante do cargo en conta.
- Gastos de mutualidades e federacións deportivas: este tipo de gastos poderá acreditarse por medio de certificados emitidos polas federacións nos que se indiquen os conceptos e as contías pagadas.

5. Forma de presentación: a documentación deberá estar ordenada segundo a orde da relación clasificada de gastos, e cada documento de gasto deberá ir acompañado do documento xustificativo do seu



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

pagamento. De non facelo así, requirirase á entidade para que o subsane.

8. PROCEDEMENTO DE INSTRUCCIÓN

O órgano de instrución será a unidade administrativa con competencias en materia de deporte, e, no seu defecto, a área de cultura, educación, xuventude e deporte a través do persoal adscrito á Oficina Municipal de Información Xuvenil. Será o persoal auxiliar quen comprobará as solicitudes recibidas e a súa documentación, abrindo os expedientes de solicitude correspondentes, coa supervisión da xefatura do servizo.

Se algunha solicitude non reunise os requisitos establecidos requirirase a súa emenda, dando un prazo de **10 días hábiles** para facelo. Se non se presenta resposta correcta no dito prazo teráselle por desistido da súa solicitude segundo se regula no artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

As solicitudes recibidas serán baremadas por unha Comisión de Valoración, coa composición que se describe na base reguladora número 11. A Comisión emitirá unha acta co resultado da súa valoración, remitindo a súa proposta ao órgano competente para resolver.

O órgano competente ditará unha resolución provisional, que será notificada ás persoas interesadas. Estas disporán dun prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións ou solicitar a reformulación de solicitudes, segundo o artigo 27 da Lei 38/2003 do 17 de novembro.

De recibir alegacións ou solicitudes de reformulación, o órgano instrutor deberá estudalas e elaborar a proposta de resolución definitiva, que recollerá a relación de solicitantes para os que se propón a subvención coa súa contía, especificando a avaliación dos criterios de valoración seguidos para efectualas. Esta proposta será fiscalizada pola Intervención Municipal antes de que o órgano competente dite a resolución definitiva.

9. GASTOS SUBVENCIONABLES

Esta subvención irá destinada a gasto corrente na organización de actividades deportivas. O período subvencionable será o correspondente á última tempada deportiva, do **1 de setembro de 2024 ao 1 de setembro de 2025**, polo que solo serán válidos os gastos realizados e efectivamente pagados dentro dese período.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada, que non teñan carácter de investimentos e se realicen na tempada deportiva subvencionable.

- Gastos de participación en competicións (inscricións, desprazamentos, aloxamento).
- Compra de material ou de equipamento deportivo necesario para o adestramento e a competición (agás o material inventariable).
- Servizos médicos ou fisioterapéuticos relacionados coa preparación deportiva. Neste apartado non se incluírá a compra de medicamentos ou complementos alimentarios.

10. PUBLICIDADE

A condición de dar publicidade ao financiamento municipal será obrigatoria, como mínimo, a partir da notificación da resolución provisional.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Para cumprir coa obriga de publicidade, as persoas beneficiarias poderán facer constar o logotipo do Concello de Sada no seu uniforme, material ou equipamento deportivo empregado, ou ben, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, poderán empregalas para facer constar que a actividade deportiva da persoa beneficiaria está subvencionada polo concello de Sada con:

- O escudo / logotipo oficial do Concello de Sada en tamaño claramente visible e equiparable ao doutros logotipos empregados pola entidade beneficiaria.
- O texto: "Actividade subvencionada polo Concello de Sada".

Poderá xustificarse a obriga de publicidade mediante probas gráficas, imaxes ou ligazóns a web e/ou redes sociais, presentando a proba xunto coa documentación de solicitude ou ben, se non fose posible nese momento, no prazo máximo de 15 días a contar dende a notificación da resolución de concesión provisional (de conformidade co artigo 31 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións).

No caso de que a tempada subvencionable estivese xa rematada no momento da notificación da concesión provisional, esta obriga de publicidade poderá cumprirse a través dos medios xa descritos ou ben a través dunha publicación na web ou nas redes sociais do club ao que pertenza a persoa beneficiaria, debendo presentar proba gráfica da mesma no prazo de 15 días naturais a contar dende a notificación da resolución de concesión provisional.

O incumprimento desta condición poderá supoñer a perda do dereito á subvención e o seu reintegro íntegro, sen prexuízo doutras consecuencias previstas na normativa aplicable.

11. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A concesión das subvencións realizarase, en réxime de concorrência competitiva.

Unha Comisión de Valoración baremará as solicitudes presentadas, recollendo o resultado nunha acta, e levará a proposta obtida ao Alcalde para ditar resolución na que se incluírán as puntuacións outorgadas, as actividades subvencionadas e o importe económico da subvención concedida a cada solicitante.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: Técnico/a de deporte ou, no seu defecto, a Técnica en animación sociocultural.
- Vogais: a técnica de rendas e exaccións e o animador sociocultural.
- Na comisión actuará como secretario o coordinador de actividades xuvenís.

12. PAGAMENTO

Unha vez fiscalizada a xustificación, a Alcaldía ditará decreto de resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Coa resolución de pagamento, a Tesourería Municipal executará a transferencia ás contas bancarias das persoas beneficiarias.

Non poderá realizarse o pago da subvención se a persoa beneficiaria non está ao corrente no cumprimento



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. En caso de incumprimento deste requisito nesta fase, o pago quedará suspendido ata que a beneficiaria presente certificado positivo.

ANEXO I BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS

MEMORIA DE ACTIVIDADES

SOLICITANTE:

DNI:

Tlf :

Correo electrónico:

DEPORTE:

Representante legal (Pai/Nai/Titor):

DNI:

Tlf:

Correo electrónico:

Enderezo:

Documentación que se acompaña:

FOTOCOPIA DO DNI DA PERSOA SOLICITANTE OU DE QUEN A REPRESENTA

CERTIFICADO DA FEDERACIÓN ACREDITATIVA DA PARTICIPACIÓN E CLASIFICACIÓN
NAS PROBAS

CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA

COPIA DA LICENZA FEDERATIVA

Acepto e comprométome a cumprir a bases reguladoras da presente convocatoria de axudas.

Por todo isto solicito:

QUE SE TEÑA POR PRESENTADA ESTA INSTANCIA E OS DOCUMENTOS QUE SE ACOMPAÑAN PARA A
CONVOCATORIA DE AXUDAS Á QUE SE REFIRE ESTA PETICIÓN.

A persoa interesada ou a representante legal,



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Asdo.-

ANEXO II BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS

D/D^a _____, con NIF _____, como deportista interesado/a.

D/D^a _____, con NIF _____, como representante legal da persoa solicitante.

EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE SADA PARA O ANO 2025, DECLARO:

- Que comunicará ao Concello de Sada a concesión de calquera outra axuda percibida polo proxecto presentado a esta convocatoria.
- Que non ten pendente de xustificación fóra de prazo ningunha outra subvención co Concello de Sada.
- Que non incorre en ningunha causa das contempladas pola Lei 38/2003, xeral de subvencións, que impida a súa condición de beneficiaria.
- Que se atopa ao corrente de pago das súas obrigas tributarias coa **Facenda Estatal**, a **Facenda Autonómica**, coa **Seguridade Social** e co **Concello de Sada**.

Autorizo ao Concello de Sada para a consulta do cumprimento das obrigas con:

AEAT	SI	NON
Seguridade Social	SI	NON

Sada, na data da sinatura dixital
A persoa interesada ou a representante legal,

Nome Apelido Apelido



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

ANEXO III: Relación clasificada de gastos - Memoria económica

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME E APELIDOS:				NIF:	
PERSONA REPRESENTANTE					
NOME E APELIDOS:				DNI:	
RELACIÓN DE FACTURAS:					
Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	EMPRESA E CIF	IMPORTE	DATA DE PAGAMENTO	FORMA DE PAGO
			-€		
			-€		
			-€		
			-€		
			-€		
			-€		
			-€		
			-€		

IMPORTE TOTAL:

Sada, na data da sinatura dixital

A persoa interesada ou a representante legal,



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.